



Para máis información:

Santiago: 981 546 109
A Coruña: 981 184 575
Lugo: 982 294 478
Ourense: 988 386 701
Pontevedra: 986 805 410

Ou na web

[www.medioruralemar.xunta.es/
areas/forestal/ordenacion/sofor/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/ordenacion/sofor/)



SOFOR
Sociedades de Fomento Forestal
cos pés na terra

Xuntos podemos
facer máis



xes silvae



PROGRAMA DE DESARROLLO RURAL
ESTRAXA - FORTALEZA
COOPERACIÓN TRANSFRONTEREIRA

Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



Por que é interesante para min unha SOFOR?

- As SOFOR serán prioritarias nas liñas de axudas de fomento forestal.
- É unha inversión produtiva, non tes a propiedade abandonada e diminúe o risco de incendios.
- As SOFOR son a mellor ferramenta para xestionar e aproveitar a riqueza do monte de maneira sostible.
- Agruparse permite ter unha xestión máis profesional, eficiente e rendible do monte.
- Abre a porta á entrada de capital de inversores alleos, os cales en ningún caso terían o control maioritario.
- Agruparse permite obter rendas en prazos máis curtos.

De que axudas poderei dispoñer para poñela en marcha?

- Disporán de axudas, para a inscrición definitiva no rexistro, aquelas sociedades inscritas con carácter previo no rexistro das SOFOR.
- Ata o 100% dos gastos necesarios para a realización da concentración privada das propiedades forestais integradas nas SOFOR.
- Ata o 100% dos custos de redacción do proxecto de obras e infraestruturas comúns.
- Ata o 70% dos custos de execución de infraestruturas comúns derivadas do proceso de concentración privada das parcelas forestais integradas nas SOFOR (pistas para facilitar os accesos, devesas, puntos de auga ou cercados para o gando).
- Ata o 100% dos custos de redacción do instrumento de Ordenación ou Xestión Forestal.

Que pasos teño que dar?

1. Chegar a un acordo entre varios socios.
2. Constitución da Sociedade Limitada.
3. (Opcional) Inscrición previa no Rexistro da Xunta de Galicia.
4. Redacción do Instrumento de Ordenación ou Xestión Forestal.
5. Inscrición no Rexistro da Xunta de Galicia.

Preguntas máis frecuentes.

Que é unha Sociedade de Fomento Forestal (SOFOR)?

É unha agrupación de parcelas privadas particulares onde as persoas propietarias, voluntariamente e mantendo a propiedade destas, ceden os dereitos de uso para o seu aproveitamento a unha sociedade de responsabilidade limitada, formada por elas mesmas, coa finalidade expresa de xestionar conxuntamente as súas propiedades. Nas SOFOR poderá entrar capital privado, que en ningún caso poderá superar o 49%, coa intención de que o control da sociedade estea nas mans dos propietarios forestais.

Canto tempo é a cesión dos dereitos?

O tempo mínimo é de 25 anos.

Perdo a titularidade da propiedade?

Non, os propietarios das parcelas nunca perderán a súa propiedade e, en caso de que queiran vendelas durante o tempo que están na SOFOR, o novo dono deberá manter a cesión dos dereitos de xestión.

Cal é a extensión mínima da agrupación?

As sociedades de fomento forestal haberán de xestionar conxuntamente unha superficie mínima de hasta tres cotos redondos, que atendendo á seguinte tipoloxía, será: a) Plantacións forestais de froito: 15 hectáreas. b) Plantacións de frondosas caducifolias ou masas preexistentes de frondosas autóctonas: 25 hectáreas. c) Outras plantacións ou aproveitamentos forestais: 50 hectáreas.

Pode ver ou facer máis consultas en:
www.medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/ordenacion/sofor/